


FASE I.

ANÁLISE E DIAGNOSE DA SITUACIÓN DOS CENTROS.

ETAPA DE ANÁLISE.




Índice

1. ESQUEMA.....	3
2. Elaboración da matriz DAFO: factores e consellos.....	4
Factores externos e internos na matriz DAFO.....	4
Consellos para realizar unha análise DAFO.....	6
3. Análise cuantitativa dos datos do SELFIE.....	8
3.1 Resultados obtidos na web da plataforma SELFIE.....	8
Acceso aos resultados na web do SELFIE.....	8
Opcións de visualización.....	8
Resumo das áreas.....	10
Resultados por área.....	11
Resultados por grupos de usuarios.....	12
Resultados por usuario.....	13
Outras cuestións engadidas polo centro educativo e outras áreas.....	14
3.2. Modelo de análise cuantitativa a partires do SELFIE.....	17
4. Análise cualitativa.....	22
4.1. Modelo de análise cualitativa.....	22
5. Modelo dos 3 Porqués.....	29

1. ESQUEMA

FASE I. ANÁLISE E DIAGNOSE DA SITUACIÓN DOS CENTROS.



2. Elaboración da matriz DAFO: factores e consellos

Factores externos e internos na matriz DAFO.

A análise DAFO é unha ferramenta sinxela pero á vez potente como mecanismo de análise da realidade e da toma de decisións. Foi creada no mundo da empresa, pero na actualidade é moi empregada no ámbito educativo. O seu nome provén dos catro ámbitos que centran a análise: Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades. En inglés o termo empregado é SWOT (*strengths, weaknesses, opportunities, threats*). Tamén é frecuente atopalo como FODA e DOFA en contextos hispanofalantes.

Un dos problemas co que nos imos atopar cando realicemos a análise DAFO é determinar que aspectos fan referencia á contorna e cales son internos e polo tanto propios do centro.

- Os **factores externos**, ou de análise da contorna proporciónannos as **ameazas** (factores negativos) pero tamén **oportunidades** (factores positivos).
- Os **factores internos**, ou de análise dos propios recursos proporciónannos as **fortalezas** (factores positivos) pero tamén as **debilidades** (factores negativos).



Fernando Trujillo recomenda comezar coa análise dos factores externos. Así, a primeira pregunta é cales son as **oportunidades** que ofrece a contorna e o ambiente no que nos atopamos e como se poden aproveitar. A segunda pregunta é que tipo de **ameazas** hai na contorna e como se poden evitar ou eliminar se é posible. Se as oportunidades fan referencia a factores externos atractivos e positivos para o centro, as ameazas apuntan a factores externos, máis aló do control do centro, e que poden pór en risco a consecución dos obxectivos. Ao mesmo tempo, estes factores non se refiren exclusivamente ao presente, senón tamén ás oportunidades e ameazas que poden xurdir no futuro e a súa incidencia no

desenvolvemento do centro. Neste sentido, para a análise das ameazas e as oportunidades podemos considerar factores demográficos, económicos, políticos, legais, sociolóxicos, medio-ambientais, tecnolóxicos ou culturais.

O segundo paso é a análise de factores internos. Aquí as preguntas son cales son as **fortalezas** do centro e como se poden potenciar e cales son as **debilidades** e como se poden limitar ou eliminar. Neste caso, se as fortalezas fan referencia a atributos propios do centro de marcado signo positivo, as debilidades sinalan aspectos que, a pesares de estar baixo o control do centro, limitan a súa capacidade para acadar os obxectivos desexados. A análise dos factores internos (debilidades e fortalezas) pode centrarse en catro aspectos de crucial importancia:

- Persoal: o claustro, a súa formación, as súas habilidades... ; relacións con pais e nais; o alumnado...
- Propiedades: edificios, equipamentos...
- Procesos: programación, instrución, avaliación, titorización, xestión (económica, didáctica etc.) do centro...
- Produtos: programacións, adaptacións curriculares, probas de avaliación, cualificacións...

Debilidades	Fortalezas
- Falta de motivación e formación do profesorado nesta temática. - Falta de tempo en horario escolar. - Falta de información. - Non existen recursos específicos no centro. - Complexidade da realidade educativa. - Dependencia neste proceso da existencia dun profesorado especialmente interesado. - Falta de comunicación entre os centros que desenvolven proxectos similares. - Sobrecarga de accións e proxectos que chegan ao centro.	- Trátase dun proceso participativo. - Temos experiencias nas que basearnos. - Promove o desenvolvemento persoal do alumnado. - Existencia de abundantes materiais. - Poden avaliarse os cambios. - Poden incluírse en proxectos de mellora. - Pode apoiarse (ou ser apoio de) nos programas e proxectos do centro. - Pode dar coherencia ao currículo.

Ameazas	Oportunidades
- Imposición de burocracia. - É doado convertelo nun elemento baleiro na programación. - Os cambios normativos. - É só unha moda máis? - Non hai tradición de CCBB na escola. - Percíbese falta de apoios: aparición dun desencanto xeneralizado.	- Hai institucións interesadas no seu desenvolvemento. - A administración educativa aposta por isto. - É un incentivo para a mellora da calidade educativa. - Pódense aproveitar grupos próximos ou externos ao centro. - Posibilidade de que outras entidades apoiem o proxecto. - Está de moda.

Consellos para realizar unha análise DAFO.

- Intentar ser realistas. Non paga a pena enganarnos a nós mesmos.
- Definir con claridade o obxectivo en relación co cal se realiza a análise DAFO. Isto axudará tanto á análise como á toma de decisións.
- Existen problemas localizando as fortalezas ou debilidades? Facede unha listaxe coas características fundamentais das vosas competencias dixitais e do voso centro e probablemente as atopades aí.
- Pensar tamén en cales son as debilidades e fortalezas que outros axentes ven en nós (familias, administración, compañeiros e compañeiras doutros centros); quizais non sexan totalmente axustadas pero poden darnos pistas para a análise.
- Para localizar oportunidades pódese intentar pensar cales son as fortalezas do centro e se estas conducen a algunha oportunidade, ou ben se eliminando ou reducindo algunha debilidade xorden novas oportunidades no futuro.
- Ás veces pode ser útil comezar polos aspectos negativos (debilidades - ameazas) para intentar posteriormente convertelos en positivos ou para atopar formas de minimizalos (fortalezas - oportunidades).

- Pódese comezar por unha choiva de ideas e rematar a análise priorizando cada factor como paso previo ao deseño de estratexias de traballo.
- O DAFO non é unha predición sobre o futuro baseada no pasado ou no presente; é simplemente unha análise para axudarnos a definir estratexias de traballo, que terán que ser posteriormente avaliadas.
- Debater cales son as ameazas e debilidades dun centro pode conducir a que se traten aspectos sensibles da vida do mesmo; será necesario un bo ambiente previo, moita confianza, tolerancia e respecto para que o diálogo poida desenvolverse libre e satisfactoriamente.

Materiais cedidos polo INTEF pertencentes ao curso *"Diseña el plan digital de tu centro"*

Persoas autoras: David Álvarez, Linda Castañeda, e Fernando Trujillo.

Mario Santamaría Baños (actualización 3ª Edición INTEF)

Créditos

Área de Formación en Línea y Competencia Digital Educativa del INTEF

Este curso y sus materiales se distribuyen con licencia Creative Commons 4.0 BY - SA



Instituto Nacional de Tecnologías Educativas y de Formación del Profesorado
Ministerio de Educación y Formación Profesional

Revisados e actualizados polo Centro Autonómico de Formación e Innovación

Consellería de Cultura, Educación e Universidade

3. Análise cuantitativa dos datos do SELFIE.


3.1 Resultados obtidos na web da plataforma SELFIE

A proposta de análise contén dúas técnicas, unha **cuantitativa** e outra **cualitativa**. A cuantitativa basease nos resultados numéricos que aporta o resumo da enquisa SELFIE, a cualitativa basease na experiencia que cada equipo de centro ten sobre a súa realidade nas distintas áreas que estamos explorando e que axudará a catalogar, conxuntamente coa primeira, se os valores acadados indican que se trata de debilidades, fortalezas, ameazas ou oportunidades.

O obxectivo desta guía é *facilitar a detección destes factores a partir dos resultados obtidos na web do cuestionario SELFIE*, sendo conscientes de que só a partir dunha reflexión introspectiva de cada centro se chegará a unha análise óptima.

Acceso aos resultados na web do SELFIE

Entra na web <https://schools-go-digital.jrc.ec.europa.eu/coordinator/login> e inicia sesión para visualizar os resultados do SELFIE. Elixe a opción “Resultados”, o nivel educativo, e preme en “ver”, a web permite a descarga en arquivo pero tamén facer unha consulta directa.



Opcións de visualización

A vantaxe de usar a opción web é a posibilidade de elixir distintos formatos de visualización dos resultados da enquisa. Ademais no menú emerxente ao pasar o rato sobre as gráficas amosa **información adicional** de importancia, por exemplo, no resumo de áreas indica o número de preguntas que se poden configurar por cada perfil (equipo directivo, profesorado, alumnado).



Captura 1

Hai que ter en conta que non todos os centros seleccionaron as mesmas preguntas, e incluso no mesmo centro pode haber etapas educativas nas que non coincida o número de preguntas dun mesmo perfil, polo tanto calquera comparativa que queiramos facer cos valores obtidos no resumo da área pode ser enganoso.

A plataforma permite catro opcións de visualización:

- Resumo das áreas
- Resultados por área
- Resultados por grupos de usuarios
- Resultados por usuario

Cada opción ten as súas vantaxes para acadar o noso obxectivo, detectar puntos fortes e débiles do centro educativo respecto da competencia dixital.

Resumo das áreas

É un bo punto de partida xa que permite cunha soa visual saber cal foi a **área coa puntuación máis alta e a máis baixa, para cada un dos perfís.**



Captura 2


No exemplo (captura 2) vemos que a puntuación máis alta que asigna o perfil do profesorado é 4,4 na área "E Pedagogía: apoios e recursos" e a máis baixa é 3 na área "G Prácticas de avaliación".

Tamén nos da opción a **ver dispersións** entre a opinión dos tres perfís dentro dunha mesma área, restando as puntuacións entre eles.

No exemplo (captura 2) vemos que hai unha diferenza de 1,5 puntos entre o que pensa o equipo directivo e os outros dous perfís respecto da área "F Pedagogía: implementación na aula". Semella que a percepción entre uns e outros é diferente neste aspecto.

Resultados por área


O tratamento nesta opción é máis conciso porque permite ver a **puntuación de cada unha das respostas por área**, e tamén a **comparativa destas respostas** no global da enquisa, **coa media dos tres perfís** (o que non viramos no resumo anterior) **e por perfís separados**. Podemos ordenar a vista segundo a numeración das preguntas (ascendente ou descendente) ou segundo a puntuación obtida.



Captura 3

Podemos entrar a valorar se preferimos interpretar os resultados a partir dun perfil concreto ou da media. No exemplo anterior a puntuación máis alta para o profesorado era a

E, e agora vemos que, dentro desta, as preguntas E1 e E4 son as máis valoradas. A web permítenos ver o enunciado e poderíamos a partir deste comezar a redactar as [fortalezas](#) atopadas.




Captura 4

Con respecto á área con puntuación máis baixa, tanto para o profesorado como para o alumnado, a G, agora podemos concretar (captura 4) que a pregunta G6 “No centro utilizo a tecnoloxía para realizar observacións sobre o traballo dos meus compañeiros” ten o valor mínimo.


Resultados por grupos de usuarios

Neste formato de resumo podemos analizar a opinión conxunta dos tres perfís, establecendo dispersións e similitudes, tanto de todas as preguntas do SELFIE como dentro dunha área concreta.



Captura 5

Para o caso que tomamos de exemplo teríamos a confirmación de que a pregunta G6 acada non só o valor mínimo desta área, senón tamén de todos os resultados do test, un 2,8; polo que este item poderíamos tomalo como unha [debilidade](#).



Captura 6

Resultados por usuario


O gráfico de referencia para o [Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes \(DigCompOrg\)](#) é o que se presenta neste apartado.

Nel podemos apreciar cales son as preguntas elixidas para cada perfil e a puntuación acadada comparando cada unha delas.

No exemplo (captura 6) observamos que no apartado de Infraestrutura o alumnado só fixo 3 das 6 preguntas dese perfil e das 16 posibles, e polo tanto a información que poidamos obter será máis completa se atendemos aos outros dous perfís. No informe en pdf tamén se aclara cales foron as cuestións non elixidas.

Outras cuestións engadidas polo centro educativo e outras áreas

Para completar a análise da enquisa, a plataforma amosa resultados sobre as preguntas engadidas polo centro educativo e tamén concreta áreas como o desenvolvemento profesional continuo, a seguridade no manexo da tecnoloxía e a aprendizaxe mixta.



Captura 7

É importante avaliar os aspectos que estean vinculados á normativa vixente e que deberíamos acadar coa máxima puntuación como é o caso do coñecemento da normativa relativa á adquisición do equipamento informático (captura 7). Se non fose así habería que consideralo como unha debilidade.

Alumnos/as

Acceso del alumnado a dispositivos fuera de...



Alumnos/as



34 de 35 alumnos/as contestaron a esta pregunta

- 1 Non teño acceso a un dispositivo dixital para usar no meu traballo escolar
- 2 Teño acceso a un dispositivo dixital pero non é axeitado para o meu traballo escolar
- 3 Hay un dispositivo digital compartido en casa que puedo usar para el trabajo (escolar), pero no siempre está disponible cuando lo necesito
- 4 Hai un dispositivo dixital compartido na casa que podo usar para o traballo da miña escola, pero non sempre está dispoñible cando o necesito
- 5 Teño acceso a un dispositivo dixital que é axeitado para usar no meu traballo escolar


Captura 8. O feito de que o 66 % do alumnado non teña acceso a un dispositivo axeitado para desenvolver o traballo escolar na súa casa é unha ameaza no caso de que teñamos que aplicar unha aprendizaxe mixta.

Respecto aos factores externos que limitan o uso da tecnoloxía, os resultados do SELFIE tamén nos proporcionan oportunidades e ameazas para incluír na análise DAFO. Para detectalos teremos que ler entre liñas.

Un punto de apoio é buscar posibles relacións entre os catro elementos do DAFO. É habitual centrarse nas debilidades, son máis doadas de atopar, pero a busca de ideas para corrixilas pode darnos pistas sobre as oportunidades. Así por exemplo, se detectamos unha problemática na área G Avaliación e existe unha oferta de formación con cursos sobre esta temática dentro da administración galega xa temos unha oportunidade para abordala.

O obxectivo final será **manter as fortalezas, corrixir as debilidades, explotar as oportunidades e afrontar as ameazas**, empregando eses aspectos positivos como axuda para compensar os negativos.

Exemplo de DAFO



3.2. Modelo de análise cuantitativa a partires do SELFIE.

Analiza os datos numéricos que aparecen nos resultados da aplicación de SELFIE.

Determina unha puntuación de referencia, por exemplo a media xeral do teu centro, a media por áreas, un número entre 3 e 5, etc.

Selecciona, por áreas, varios aspectos dos resultados do informe SELFIE e comproba se están por debaixo ou por riba da puntuación de referencia.

Marca, segundo o criterio numérico, se eses aspectos corresponden a unha debilidade (D), fortaleza (F), ameaza (A) ou oportunidade (O)

Área	A. Liderado.	Puntuación de referencia				
Aspecto		Puntuación	D	F	A	O

Área	B. Colaboración e redes.	Puntuación de referencia				
Aspecto		Puntuación	D	F	A	O

Área	C. Infraestructuras e equipos	Puntuación de referencia				
Aspecto		Puntuación	D	F	A	O

Área	D. Desenvolvemento profesional continuo	Puntuación de referencia				
Aspecto		Puntuación	D	F	A	O

Área	E. Pedagogía: apoios e recursos.	Puntuación de referencia				
Aspecto		Puntuación	D	F	A	O

Área	F. Pedagogía: Implementación na aula.	Puntuación de referencia				
Aspecto		Puntuación	D	F	A	O

4. Análise cualitativa

4.1. Modelo de análise cualitativa

A continuación recóllense unha serie de aspectos extraídos do informe SELFIE, valora se para o teu centro supoñen unha debilidade ou unha fortaleza.

Podes reducir, modificar ou ampliar a listaxe de aspectos internos e externos.

ASPECTOS INTERNOS	NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN.	
	DEBILIDADE.	FORTALEZA.
Existencia dunha estratexia dixital.		
Tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino.		
Tratamento das licenzas e dereitos de autoría.		
Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro.		

ASPECTOS INTERNOS	NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN.	
	DEBILIDADE.	FORTALEZA.
Existencia de estratexias de comunicación con outros centros educativos.		
Participación do profesorado en redes colaborativas profesionais.		
Resolución de incidencias técnicas.		
Formación sobre novas modalidades de aprendizaxe do uso da tecnoloxía dixital.		
Política de protección de datos.		
Utilización no centro de equipos dixitais propiedade do alumnado.		
Creación de espazos para compartir recursos educativos dixitais.		
Participación en proxectos interdisciplinares.		
Iniciativas para afrontar necesidades de formación profesional continúa do profesorado.		

ASPECTOS INTERNOS	NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN.	
	DEBILIDADE.	FORTALEZA.
Creación de recursos educativos dixitais.		
Adopción de innovacións educativas por parte do profesorado.		
Extensión e promoción entre o profesorado de innovacións educativas.		
Tipoloxía da oferta educativa do centro (por exemplo familias de FP)		
Incorporación por parte do profesorado de tecnoloxías dixitais para a avaliación.		
Participación do alumnado na autoavaliación e coavaliación empregando ferramentas dixitais.		
Dinámicas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía.		
Dinámicas para reflexionar sobre o uso de recursos dixitais (tratamento da imaxe, protección de dereitos, licenzas, software libre, plaxio etc)		
Utilización de recursos dixitais para observar e documentar os progresos.		

ASPECTOS INTERNOS	NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN.	
	DEBILIDADE.	FORTALEZA.
Transformación da práctica docente co uso da ferramentas dixitais.		
Habilidades dixitais adquiridas polo alumnado en diferentes materias.		
Competencia por parte do alumnado para codificar, programar en relación ás tecnoloxías dixitais.		
Competencia por parte do alumnado para a resolución de problemas técnicos dos dispositivos dixitais.		
Incorporación nas diferentes materias de conceptos como a verificación da calidade da información, comportamento seguro e responsable do alumnado na Internet etc.		
Diversidade da competencia dixital.		
Utilización de plataformas dixitais promovidas pola administración educativa.		
Características do software instalado nos equipos.		

ASPECTOS INTERNOS	NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN.	
	DEBILIDADE.	FORTALEZA.
Características das plataformas e aplicativos online utilizados.		
Uso activo e creativo de aulas virtuais.		

ASPECTOS EXTERNOS	NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN.	
	AMEAZA.	OPORTUNIDADE.
Achegas económicas que recibe o centro.		
Existencia de proxectos externos.		
Condicións socioeconómicas da contorna.		
Oferta de actividades formativas e as condicións para a participación.		
Estabilidade laboral do persoal docente.		
Estabilidade laboral do persoal non docente.		
Colaboración con institucións alleas ao centro educativo.		
Relación coa/a ANPA/s.		
Participación das familias.		
Actuacións da administración educativa.		

ASPECTOS EXTERNOS	NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN.	
	AMEAZA.	OPORTUNIDADE.
Dotación de equipamento tecnolóxico.		
Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo.		
Relación con persoas que non forman parte da comunidade educativa.		
A lexislación educativa.		
Lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo.		

5. Modelo dos 3 Porqués

Busca no informe SELFIE os dous aspectos coa maior puntuación e reflexiona sobre tres motivos que xustifican a valoración tan positiva.

Maior puntuación.

ASPECTO	POSIBLES CAUSAS

ASPECTO	POSIBLES CAUSAS

Repite o proceso anterior cos dous aspectos coa puntuación máis baixa.

Menor puntuación.

ASPECTO	POSIBLES CAUSAS

ASPECTO	POSIBLES CAUSAS

Por último identifica os dous aspectos que presentan maior dispersión entre a valoración dos tres axentes (equipo directivo, profesorado e alumnado). Reflexiona sobre 3 posibles causas que expliquen esa diverxencia.

Maior discrepancia.

ASPECTO	POSIBLES CAUSAS

ASPECTO	POSIBLES CAUSAS